

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE03	Automatización e robótica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0970	Formación e orientación laboral	2022/2023	4	107	128
MP0970_12	Prevenición de riscos laborais	2022/2023	4	45	54
MP0970_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL MERENS RIBAO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de FOL que se vai impartir durante o curso 2022/2023 ten como obxectivos xerais o dar a coñecer ao alumnado o que son as relacións laborais; os dereitos e obrigas que se derivan; o que é o sistema social de protección; o que son os riscos profesionais e a maneira de evitar enfermidades e accidentes, así como actuar prestando os primeiros auxilios; así como de técnicas para organizar a busca de emprego.

O módulo de FOL, forma parte do currículo de todos os ciclos formativos que integran a formación profesional regrada. E isto é así debido a que todos os alumnos que pretenden converterse en futuros profesionais deben recibir una formación básica xeral con independencia do seu perfil profesional. Todos eles deberán coñecer os seus dereitos e deberes como traballadores por conta allea, recibir formación básica en prevención de riscos laborais e adestrarse nas técnicas de busca de emprego que posibiliten a súa inserción laboral.

No contexto galego, compre destacar a atribución dunha carga horaria específica para cada unha das dúas unidades formativas do módulo. Así, atribuíndo un total de 54 sesións á UF1, dótase ao módulo de FOL dun valor engadido, xa que a superación do módulo facilita a obtención do título de Técnico Básico en Prevención de Riscos Laborais.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, art. 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión.

ADECUACIÓN AO ÁMBITO PRODUTIVO

O currículo deste módulo prepara os estudantes para a súa inserción laboral en empresas localizadas na bisbarra de Vigo, pero tamén en calquera outra, mesmo de Portugal onde, a impartición do módulo en lingua galega, facilita a competencias de comunicación.

Os alumnos e alumnas adultos que acoden ao Politécnico son basicamente persoas que están traballando ou perderon o emprego e buscan ou ben mellorar a posición na empresa ou reinsertarse no mundo laboral. Non faltan tampouco persoas con estudos universitarios iniciados que buscan desenvolver as capacidades que lles ofrece o ciclo en orde a facilitar a inserción laboral. Nos últimos anos acúsase máis presenza de alumnos naturais de países sudamericanos. Proceden de Vigo e da área metropolitana. Unha zona con grandes posibilidades de emprego e de autoemprego e con gran tradición industrial e comercial, se ben na actualidade máis condicionado pola crise do sector da electrónica, automatización e robótica.

OBXECTIVOS XERAIS

Con suxeición ao que recolle a normativa en vigor e a LOE no seu capítulo I dedicado aos principios da educación, o sistema educativo debe orientarse ao pleno desenvolvemento das capacidades do alumnado así como capacitar ao mesmo para o exercicio das actividades profesionais. Entre os obxectivos establecidos por esta Lei, os do Decreto 114/2010, polo que se establece a ordenación xeral da FP no sistema educativo de Galicia e tendo á vista o sinalado na Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, así como os diferentes RD que establecen os títulos (en particular, no que afecta a este Ciclo, o Real Decreto 690/2010, de 20 de mayo, que establece el título de TÉCNICO SUPERIOR EN AUTOMATIZACIÓN E ROBÓTICA INDUSTRIAL e fixa as súas ensinanzas mínimas), tendo en conta a realidade do alumnado do Politécnico, particularizados en cada unha das quince Unidades Didácticas a desenvolver, sinálanse como obxectivos xerais, en relación co ámbito produtivo, os seguintes:

Comprender os mecanismos de inserción profesional, os diferentes tipos de organizacións nos que poden chegar a traballar así como a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais que nun futuro terán.

Aprender a traballar en equipo, adestrar as habilidades sociais que lles permitan resolver conflitos de xeito positivo e tomar conciencia e fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres co obxecto de que poidan acceder a unha formación que lle permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio destas.

Prever posibles riscos no traballo adoptando todas as medidas de seguridade e saúde necesarias.

Ter unha visión motivadora do perfil profesional que os dirixa a querer mellorar e adaptarse ós cambios que se produzan tanto na organización como no entorno produtivo.

Tendo á vista a normativa en vigor e a lexislación educativa galega, enuméranse os seguintes obxectivos, vencellados estreitamente con este módulo de FOL-LOE:

Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.

Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.

Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Traballar en condicións de seguridade e saúde, e previr os posibles riscos derivados do traballo.

Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.

SECUENCIA DO DESENVOLVEMENTO DA TEMÁTICA DAS UF:

No primeiro trimestre, impartirase a temática da UF 2 relacionada coa lexislación laboral, o que permitirá, dunha banda coñecer os contidos e sentar os criterios esenciais e, ao longo do curso, ir incidindo nas modificacións legais e xurisprudenciais que se vaian producindo. Con iso conséguese dar unha idea da realidade do carácter dinámico das leis e espertar a inquedanza pola actualización, saber como facelo e ter referencias para elo.

No segundo trimestre, impartirase a materia da protección social, equipos de traballo, itinerarios profesionais e técnicas de busca de emprego, o que permitirá coñecer e ir confeccionando e mellorando, nese trimestre e no seguinte, os instrumentos que o propio alumnado utiliza na súa busca real de traballo.

Finalmente, no terceiro trimestre, de cara a un mellor aproveitamento e tendo en conta que, con certa frecuencia, os alumnos asisten despois do verán a cursiños puntuais de formación nas empresas, que abordan a temática relacionada coa prevención de Riscos, resulta máis axeitado impartir os contidos da UF1 no último trimestre do curso, resaltando a importancia da saúde, ademais doutras consideracións elementais, como requisito para lograr, manter e desenvolver con éxito calquera actividade profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Área temática 10: A relación entre o traballo e a saúde. Os factores de risco e os danos na saúde.	Posta en relación da saúde co traballo e viceversa	12	7
2	Área Temática 11: Os riscos químicos ligados ás condicións ambientais. O lume	Estudo dos riscos laborais ligados a factores químicos e ao lume	8	6
3	Área temática 12: Outros riscos físicos comúns no traballo	Estudo de factores físicos de risco, con especial atención ós do sector da actividade do ciclo	8	6
4	Área temática 13: A xestión da prevención dos riscos laborais	Estudo da xestión da prevención	9	7
5	Área temática 14: A planificación da acción preventiva	Estudo da planificación da acción preventiva	10	7
6	Área temática 15: Aplicación das técnicas de primeiros auxilios na empresa	Aplicación das técnicas de primeiros auxilios en casos de emerxencia	7	7
7	Área temática 1: O Dereito Laboral	Particularidades do dereitos laboral	6	5
8	Área temática 2: O contrato de traballo	Estudo da contratación e dos contratos	8	7
9	Área temática 3: A clasificación profesional e as condicións de traballo	Estudo da prestación laboral: xornada, salario, etc	12	7
10	Área temática 4: Os novos contornos de organización do traballo	Estudo da modificación, suspensión e extinción do contrato	12	7
11	Área temática 5: A representación dos traballadores	Sistema de representación dos traballadores	6	7
12	Área temática 6: A Seguridade Social como pilar do estado social	Prestacións da S. Social e importancia social.	10	7
13	Área temática 7: Os equipos de traballo	Estudo dos equipos de traballo e a súa importancia.	4	6
14	Área temática 8: Os intereses profesionais e os itinerarios formativos	Formación e emprego	4	7
15	Área temática 9: Técnicas e instrumentos de busca de emprego	Técnicas de busca emprego no sector privado e público	12	7

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Area temática 10: A relación entre o traballo e a saúde. Os factores de risco e os danos na saúde.	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de electricidade e electrónica.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de electricidade e electrónica.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.4.1 Distinguíuse de maneira pomenorizada as funcións dos delegados de prevención e dos técnicos de prevención, con referencia aos básicos, medios e superiores
CA3.4.2 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Normativa reguladora e organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Contidos

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Contaminantes químicos

Valores Límites Admisíbeis

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Area Temática 11: Os riscos químicos ligados ás condicións ambientais. O lume	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de electricidade e electrónica.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
CA2.5.1 Manexáronse os VLA
CA2.5.2 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais. Contaminantes químicos Valores Límites Admisíbeis Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. Identifícaronse os riscos máis comúns e os danos asociados. Riscos específicos no sector de electricidade e electrónica en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Area temática 12: Outros riscos físicos comúns no traballo	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de electricidade e electrónica.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Identificáronse os riscos máis comúns e os danos asociados.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Area temática 13: A xestión da prevención dos riscos laborais	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de electricidade e electrónica.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.3.1 Manexouse de maneira exhaustiva a normativa reguladora
CA1.3.2 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.2.1 Identificáronse de xeito amplo os contaminantes químicos específicos que se presentan nos entornos de traballo ligados á Automatización e robótica industrial
CA2.2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.4.1 Distinguíuse de maneira pomenorizada as funcións dos delegados de prevención e dos técnicos de prevención, con referencia aos básicos, medios e superiores
CA3.4.2 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

4.4.e) Contidos

Contidos

Contidos

Contaminantes químicos

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de electricidade e electrónica.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Delegados de prevención e técnicos de prevención

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Planificación da prevención na empresa.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Area temática 14: A planificación da acción preventiva	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de electricidade e electrónica.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.3.1 Manexouse de maneira exhaustiva a normativa reguladora
CA1.3.2 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.2.1 Identificáronse de xeito amplo os contaminantes químicos específicos que se presentan nos entornos de traballo ligados á Automatización e robótica industrial
CA2.2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de electricidade e electrónica.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Equipos de protección colectiva e individual (EPIs)

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Area temática 15: Aplicación das técnicas de primeiros auxilios na empresa	7

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.4.1 Aplicouse o torniquete, actuouse en situacións de síndrome de hidroculción e distinguiuse entre trombose, embolia e infarto miocárdio
CA4.4.2 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.6.e) Contidos

Contidos
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva. Equipos de protección colectiva e individual (EPIs)
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. Torniquete; síndrome de hidroculción; trombose, embolia e infarto miocárdio
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Area temática 1: O Dereito Laboral	6

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.2.1 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
CA2.2.2 Identifícase detalladamente o organigrama do Ministerio e os órganos laborais transferidos á Comunidade A. de Galicia
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

4.7.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Fontes do Dereito e principios de aplicación das normas laborais.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Organigrama do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e das transferencias á CA Galicia

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Area temática 2: O contrato de traballo	8

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.4.1 Manexouse a totalidade dos contratos laborais con bonificacións, reducións de cotas e vantaxes fiscais
CA2.4.2 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.8.e) Contidos

Contidos
Análise da relación laboral individual. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. Os contratos en fraude de lei Contratos laborais con bonificacións, redución de cotas e vantaxes fiscais. Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Area temática 3: A clasificación profesional e as condicións de traballo	12

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.9.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
Mobilidade, vacacións, licencias, permisos, excedencias.
Liquidación de nóminas; salario neto e bruto. SMI

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Area temática 4: Os novos contornos de organización do traballo	12

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.10.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Consecuencias e indemnizacións derivadas, nos casos máis comúns.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Area temática 5: A representación dos traballadores	6

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
0 CA2.10.1 Traballáronse de xeito pomenorizado as mecánicas de eleccións sindicais en sistema de listas pechadas
0 CA2.10.2 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.11.e) Contidos

Contidos
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.
0 Representación das persoas traballadoras na empresa.
0 Mecánica das eleccións sindicais en sistema de listas pechadas
Conflitos colectivos.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Area temática 6: A Seguridade Social como pilar do estado social	10

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
CA3.5.1 Identificáronse a totalidade das situacións de desemprego
CA3.5.2 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.12.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Situacións máis comúns de cobertura por desemprego
Prestacións contributivas da seguridade social.
Prestacións non contributivas máis importantes

4.13.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
13	Area temática 7: Os equipos de traballo	4

4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en automatización e robótica industrial, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.4.1 Identifícase a importancia das xergas profesionais empregadas no sector da electricidade.
CA1.4.2 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.5.1 Identifícanse os roles específicos de participación nos equipos: optimista, gracioso, testán, narcisista, pícaro ou discudidor
CA1.5.2 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.5.3 Estudáronse as etapas na evolución dos equipos de traballo: forming, storming, norming, performing, disintegrating.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.13.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de electricidade e electrónica segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Xergas específicas e importancia da comunicación
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Etapas na evolución dos equipos de traballo: forming, storming, norming, performing, disintegrating

Contidos

Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.

Roles específicos de participación nos equipos: optimista, gracioso, testán, narcisista, pícaro ou discutidor.

Conflicto: características, tipos, causas e etapas.

Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

Proceso de toma de decisións.

4.14.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
14	Area temática 8: Os intereses profesionais e os itinerarios formativos	4

4.14.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	NO

4.14.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identifícaronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA4.7.1 Coñecéronse os novos sistemas de busca de emprego, tales como as vídeo presentacións e, en orde a Europa, a cover letter ou o resumé.
CA4.7.2 Identifícaronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.

4.14.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
A FCT e os Erasmus destinados a alumnos de FP, no contexto da busca de emprego e mellora das competencias lingüísticas.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en automatización e robótica industrial.

4.15.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
15	Area temática 9: Técnicas e instrumentos de busca de emprego	12

4.15.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	NO

4.15.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.7.2 Identifícaronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.8.1 Traballáronse novos sistemas de busca de emprego como as video presentacións e, en orde a Europa, a cover letter e o résumé
CA4.8.2 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.15.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise da relación laboral individual.
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O alumno ou alumna deberá superar os mínimos esixíbeis establecidos en cada Unidade Didáctica das dúas Unidades Formativas que conforman o módulo. Para a determinación da cualificación seguiranse os seguintes

CRITERIOS:

CALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS: os seguintes criterios teranse en conta á hora de calcular a cualificación de cada trimestre dos alumnos con dereito á avaliación continua.

- Proba escrita: Cun peso do 80% da puntuación total da cualificación. Esta proba constará dunha serie de preguntas teóricas e de EXERCICIOS PRÁCTICOS, cunha valoración de 0 a 10. É imprescindible obter un mínimo dun 4 sobre 10 nesta proba para poder superar o módulo. Orientativamente, as preguntas das probas serán como mínimo 3 e como máximo 5, podendo conter apartados e subapartados, comprendéndose entre elas algún/s exercicios prácticos.

- Traballos teóricos ou EXERCICIOS PRÁCTICOS realizados na aula e na casa sobre os contidos de cada Unidade, cun peso máximo do 10% da puntuación e, no caso de establecer outro, o que se fixe nas diferentes unidades didácticas. Nestes traballos valorarase tres aspectos fundamentais: a correcta realización, a claridade da presentación e as destrezas de comunicación oral na exposición.

Igualmente valorarase o esforzo persoal, o interese amosado, a organización para a consecución dos obxectivos do módulo e a capacidade de traballo en grupo. Todo elo cun peso máximo do 10%.

Cando un/unha estudante non supere a proba dun trimestre, terá dereito a presentarse a unha proba de recuperación, tal e como se especificará no apartado 6 desta programación.

En caso de non superar o exame de recuperación, o/a alumno/a terá unha nova oportunidade de facelo no exame de Recuperación Final ou Exame Final, programado para o mes de xuño. Neste exame, cada estudante terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobouse ata esa data. Por tanto, poderá examinarse de 1, 2 ou 3 trimestres.

CUALIFICACIÓN FINAL: obterase calculando a media aritmética das cualificacións trimestrais, tendo en conta o especificado para os/as estudantes que deban realizar os exames de recuperación. A puntuación das probas trimestrais escritas representarán ata un máximo de 8 puntos na nota final e os traballos e o esforzo por conseguir os obxectivos, non máis de 1 punto, respectivamente.

Os alumnos que non teñan aprobadas as probas ou exames trimestrais e que teñan perdido o dereito de Avaliación continua deberán realizar a Recuperación final ou Exame final, seguindo como criterio de puntuación: 100% proba escrita.

Na primeira sesión do curso os alumnos serán informados das datas dos exames e das recuperacións trimestrais así como da Final de xuño, se ben poderán sufrir algúnha modificación que será informada na clase de ser o caso. Igualmente, serán informados do sistema das probas, sen prexuízo de volver sobre ese aspecto nas datas próximas á realización das mesmas.

Nas probas escritas non se poderán utilizar teléfonos, iphones ou pda en substitución da calculadora, que será simple. A utilización de apuntes,

"chuletas" ou calquera outro medio destinado a copiar as contestacións provocará a invalidación das contestacións da proba.

Os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións parciais non terán que realizar a proba final, se ben poderán facela para mellorar a cualificación obtida pola media aritmética das parciais (tomando en consideración as probas escritas, realización de traballos e participación). Neste caso, a nota final será a acadada na proba final.

En todo caso, será necesario obter un mínimo de 4 nos exames de cada avaliación parcial para poder superar o módulo.

A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, nin ao revés, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se fôr necesario o profesor poderá deseñar unha serie de exercicios e actividades a realizar polos/as estudantes que suspendan un trimestre, para que eles/as poidan realizalos de forma autónoma fóra do horario escolar e poder preguntar dúbidas na hora semanal de titoría ou durante as clases, se fose necesario. Estas tarefas do alumnado serán as mesmas cas realizadas en relación coas unidades didácticas traballadas durante o trimestre, modificando datos e levando a cabo unha atención educativa máis individualizada. Igualmente poderán establecerse polo profesor actividades de reforzo para realizar polos alumnos e alumnas con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo, aínda que aprobasen o trimestre, tal e como se expón no apartado 8 desta programación.

Os/as estudantes que non superasen algunha avaliación trimestral, terán unha nova oportunidade de facelo na proba escrita de recuperación programada para ser realizada con posterioridade á proba corresponde ao trimestre. Esta proba terá a mesma estrutura e número de preguntas que a inicial. En caso de suspendela aínda poderán realizar unha proba escrita de Recuperación Final ou Exame Final que se programará para o mes de xuño.

Nela, cada alumno/a terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobase ata esa data. Polo tanto, na súa proba incluíranse supostos prácticos, exercicios de cálculo numérico e preguntas de resposta breve correspondentes ás unidades didácticas dos trimestres 1, 2 e/ou 3.

O criterio de cualificación na recuperación final será o seguinte: Proba escrita: 100%

OBSERVACIÓNS

Dadas as dúas Unidades Formativas e a diversidade de materias para cada unha das probas trimestrais, a superación da avaliación posterior NON comprende as anteriores agás que expresamente se indique o contrario polo profesor.

Para a avaliación do alumnado vanse empregar as seguintes técnicas e instrumentos:

-Probas escritas: valoración obxectiva da contestación conforme ao establecido no libro de texto ou Unidades facilitadas polo profesor. Agás indicación en contra polo profesor cada unha das preguntas terá igual valor.

-Traballos teóricos e prácticos realizados na aula e na casa: A realización das actividades propostas no libro de texto ou polo profesor, na aula, terán valoración

obxectiva conforme o establecido no libro de texto ou Unidades facilitadas polo profesor e as indicacións ofrecidas na clase. Tamén se valorará a busca autónoma de información en internet e na biblioteca escolar, o uso das webs oficiais das administracións laborais, portais de

busca de emprego, a realización de casos prácticos e exercicios de simulación tales como entrevistas de traballo. Valorarase igualmente a correcta solución, a presentación e o coidado posto na cumprimentación das actividades propostas, así como a correcta exposición oral (preparación da mensaxe, argumentación e colaboración no traballo en grupo).

Os alumnos que non asistan á clase os días en que se realicen as tarefas teóricas e prácticas terán que pórse en contacto co profesor, na seguinte clase, a fin de realízalas pola súa conta. Se non o fan, non serán tidas en conta.

-Participación e actividades do alumno/a: observación directa na aula sobre aspectos como a atención, o interese, a motivación, a contribución ao traballo en equipo, a realización das tarefas asignadas, no tempo de clase e fóra dela, o esforzo e a boa organización para acadar os obxectivos do módulo.

As recuperacións realizaranse nas datas anteriores ao Nadal, Semana Santa e fin do mes de Xuño. Poderán realizarse tamén inmediatamente despois desas datas. Ao inicio do curso, na primeira clase, indicaranse as datas, hora e lugar de cada unha delas. No caso de modificación nas datas horas e aula, avisarase oralmente na propia clase polo profesor con antelación debida. Non se empregará ningún outro medio de aviso. Os alumnos que se incorporen con posterioridade deberán preguntar ao profesor as datas de realización das probas.

Igual que nos exames, nas probas escritas de recuperación non se poderán utilizar teléfonos, iphones ou pda en substitución da calculadora, que será simple. A utilización de apuntes, "chuletas" ou calquera outro medio destinado a copiar as contestacións provocará a invalidación das contestacións da proba.

Os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións parciais non terán que realizar a recuperación final, se ben poderán facela para mellorar a cualificación obtida pola media aritmética das parciais. Neste caso, a nota final será a acadada na proba final.

En todo caso, será necesario obter un mínimo de 4 nas recuperacións ou nos exames de cada avaliación parcial para poder superar o módulo. A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, nin ao revés, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL.

PERDA DE DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA

Os/Os alumnos que teñan perda o dereito de Avaliación Continua terán dereito a realizar tan só unha recuperación final ou exame final no mes de xuño, na data que

se dará a coñecer no primeiro día de clase e que o alumnado poderá coñecer tamén a través da tutoría.

A perda da avaliación continua producirase cando se supere o 10 % de faltas de asistencia, que no módulo de FOL.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos e alumnas que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua.

Neste caso o profesor ou profesora tomará en consideración os elementos de avaliación de que dispoña, singularmente os exames e os traballos encomendados para os alumnos da clase, que tamén poderán realizar e entregar.

En tal sentido, o alumno ou alumna que perda o dereito á avaliación continua deberá estar pendente dos traballos que obrigatoriamente se requiran polo profesor.

Pautas para avaliar aos alumnos con perda do dereito de avaliación continua:

De acordo co art. 25.3 da Orde de 12.07.11 o alumnado que acumule un número de faltas de asistencia superior ao 10% das sesións de clase, perderá o dereito a avaliación continua.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estes alumnos son:

O alumno ou alumna deberá tratar de coñecer as actividades realizadas nas aulas no desenvolvemento das unidades didácticas do módulo. De non conseguilas a través dos delegados ou compañeiros da aula (co que se favorece a integración no grupo), deberá solicitalas presencialmente ao profesor nas horas de titoría.

Proba escrita, que incluírán diversas preguntas teóricas de toda a materia, na que se poderán incluír contidos das 15 unidades didácticas, xunto con casos prácticos a resolver, que poderán incluír exercicios de cálculo numérico.

Só se poderá usar papel, bolígrafo e calculadora simple sen que sexa permitido o uso de teléfonos, iphone ou pda.

A proba denominarase Exame Final ou Recuperación Final e indicarse a data e lugar no primeiro día de clase, se ben, calquera cambio será notificado na aula. Os criterios de avaliación neste caso son os establecidos para cada unha das unidades didácticas (punto 3.2)

Esta proba consistirán en varias preguntas teóricas curtas e casos prácticos a resolver polo alumno de forma individual. Como criterio orientativo non serán menos de 3 nin máis de 5, podendo conter apartados e subapartados.

Ao comezo do curso o profesor indicará aos alumnos como vai ser a proba final e como serán tamén as das avaliacións trimestrais, para que estes saiban como preparalas.

Para a superación do módulo será necesario ter as tres avaliacións superadas, tomándose en consideración os traballos que realice na aula, o interese pola materia, a actitude, a participación, a puntualidade e a asistencia á clase en cada unha das avaliacións e na configuración global da cualificación definitiva.

Os alumnos que non teñan as tres avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, deberán realizar o exame final ou recuperación final para superar o módulo.

Criterio de avaliación da proba: 100% proba escrita.

A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, nin ao revés, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integralmente.

Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo e nos contidos que, ao longo dos anos, irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpra mellor a súa función.

Neste sentido cómpre establecer un procedemento de seguimento da Programación que ten que basearse na revisión semanal de si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida.

No caso de establecer modificacións, estas serán recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso. Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados
- Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

- Cuestionarios anónimos. Realizaranse coincidindo, de ser o caso, coa presenza de alumnos en prácticas do CAP
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Debates.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

Para a avaliación do profesor, por parte do alumnado, entregaráselle como vén sendo habitual, xunto co último exame, a presente enquisa para cumprimentar de forma anónima e voluntaria.

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO PROFESOR: Manuel Merens
CURSO 2019 / 2020

Preguntas:	1	2	3	4	5
Cres que domina a materia explicada?					
Explica de forma clara e sistemática?					
Resulta amenas e variadas as explicacións?					
Amosa a vertente práctica dos temas na vida cotiá?					
Organiza e controla correctamente a clase?					
Comeza con puntualidade?					
Utiliza recursos didácticos axeitados?					
Domina os procedementos informáticos de uso na clase?					
Facilita apuntes e materiais axeitados?					
Manifesta unha actitude respectuosa e receptiva?					
Atende correctamente as preguntas?					
Sabe motivar?					
Fomenta e facilita a participación?					
En conxunto, estás satisfeito/a co traballo do profesor					

1	2	3	4	5
Totalmente en desacordo	En desacordo	De acordo	Bastante de acordo	Totalmente de acordo

Puntuación:

Se o desexas, indica aspectos docentes que cres que debería mellorar:

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos, competencias e experiencias persoais e laborais previas; motivacións e expectativas ante a aprendizaxe; interese persoais, profesionais e vocacionais; competencias básicas e específicas; ritmos de traballo e de aprendizaxe; situacións persoais e familiares; habilidades e destrezas desenvolvidas; orixe nacional ou étnico; contorna socioeconómica do lugar de residencia; discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais e sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

En xeral deben distinguirse tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

A inicial, que se realiza ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.

A formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.

A final, realizada ao final do curso e que é o resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua.

Avaliación Inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Avaliación Formativa

Desenvólvese ó longo de todo o proceso formativo do alumno co obxecto de coñecer a súa evolución, determinar se están a conseguir os obxectivos marcados, e reorientar e mellorar a actuación na aula. Tanto dende o punto de vista legal como pedagóxico, a avaliación ten que ser continua para así garantir a consecución dos obxectivos.

Avaliación Final

Na avaliación dos alumnos e alumnas e na configuración da súa cualificación definitiva terase en conta ademais dos exames, corrixidos conforme a criterios obxectivos, a participación do alumno/a, a asiduidade -preceptiva e necesaria- e a actitude na clase. De tal maneira que todos estes elementos configuren valores a considerar e non só o exame.

Procedementos para a realización da avaliación inicial:

Ao comezo das aulas, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao profesor.

A tal fin, ao inicio de curso, o profesor coordinarse co titor do curso anterior e con outros profesores que traballen co grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado. Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico

En cada Unidade Didáctica realizarase un suposto práctico ou un cuestionario inicial que indique o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido pola LOE e o resto da normativa en vigor, respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.

Agrupamentos heteróxeneos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.

Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo. Por exemplo, ante un caso de alumno con fobia social ou ser vítima de bullying, realización de exposicións diante do profesor e non diante do grupo.

Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos

mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

A experiencia dos últimos anos non vén indicando a necesidade de medidas especiais de atención á diversidade, máis alá de algunha diferenza idiomática, en relación coa fala propia, isto é o galego, por parte de alumnos que procedían de países estranxeiros, de fala castelá.

Tales diferenzas foron sempre resoltas acomodando o vehículo de comunicación ás dificultades do alumno ou alumna, mais procurando espertar a apreciación do galego, lingua en que se imparte esta materia, tendo en conta a división igualitaria, galego/castelán, entre os módulos do ciclo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A normativa en vigor contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Paz, Violencia de Xénero, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc así como valorar a

diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o presente curso preténdese realizar, como vén sendo habitual en cursos pasados, algunhas actividades que acheguen o alumnado ao mundo da empresa.

Neste sentido, poderán ser organizadas polo Departamento de FOL, o profesor e a Dirección do Centro, actividades complementarias tales como:

Simulacro de evacuación do Instituto, participando no deseño do plan de emerxencia e no simulacro de evacuación.

Charla en colaboración con sindicatos e asociacións patronais.

Charlas en colaboración co Gabinete de Seguridade de Rande.

Debate sobre a Reforma Laboral contando con membros de sindicatos, da Cámara de Comercio ou de asociacións empresariais e/ou de diferentes partidos políticos. Os alumnos prepararán previamente as preguntas. A actividade durará aproximadamente dúas horas, e ao remate os alumnos, por equipos, realizarán un resumo da charla, recollendo as posturas de cada un dos conferenciantes.

Visión de películas como ferramenta de aprendizaxe e axeitada tralas as sesións de avaliación de cada trimestre. Entre outros filmes, pola temática próxima ao entorno do Instituto: "Los lunes al sol" sobre a problemática das reconversións ou "El Método", sobre sistemas de selección de persoal (neste caso o Grönholm).

Actividades extraescolares organizadas polo centro.

Deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria, polos profesores do Departamento en colaboración coa Dirección e outros Departamentos.

Visita a unha oficina do Servizo Público de Emprego: comprobación en espazo e tempo real de cómo se tramitan as solicitudes de prestación por desemprego e outras accións de formación e orientación laboral lavadas a cabo na oficina. Esta actividade deberá desenvolverse unha vez traballadas as unidades relacionadas coas Relacións Laborais e a Seguridade Social.

Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir a algún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas unidades do módulo, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral, accidente de traballo.

Visita a unha oficina do Servizo Público de emprego.

Visita a alguna empresa da zona.

Feiras de Emprego e Orientación Laboral, que se organicen na comunidade galega ou fóra dela, sempre e cando contemos con orzamento para organizar os desprazamentos.

10. Outros apartados

10.1) Libro Texto

Na primeira aula de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación.

Será informado igualmente da realización das datas previstas para as probas ou exames trimestrais de avaliación e recuperación e das normas de réxime interno que rexen a vida da comunidade educativa do IES Politécnico de Vigo e que deberán ser confirmadas na aula nos días anteriores,



por se houbera alguna variación.

Serán informados tamén das datas dos exames e das recuperacións, que deberán ser confirmadas na aula nas proximidades dos días sinalados.

Informarase do número de faltas de asistencia que dará lugar á perda da avaliación continua.

A asistencia á aula, sen que figure falta, dará constancia de que o alumno/a foi informado dos aspectos esenciais desta Programación, así como da mecánica das probas trimestrais e final e das datas fixadas para a súa realización.

SECUENCIACIÓN DAS UF:

A secuencia das UD na aula efectuarase impartindo en primeiro lugar a UF 2: Equipos de traballo, cun total de 9 temas, comezando, no primeiro trimestre, polo Dereito Laboral (1); Contrato traballo (2); Clasificación profesional e condicións de traballo (3); Novos contornos da relación laboral (4) e Representación dos traballadores (5). No segundo trimestre desenvolveranse as UD: Seguridade Social como pilar do estado social (6); Equipos de traballo (7); Intereses e itinerarios profesionais (8); Técnicas e Instrumentos de busca de emprego (9).

En segundo lugar, no terceiro trimestre, impartirase a UF 1: Prevención, cun total de 6 tema, comezando pola relación entre traballo e saúde (10); Riscos químicos (11); Riscos Físicos (12); Xestión da Prevención (13); Planificación da Acción Preventiva (14) e Primeiros Auxilios (15)

Protocolo COVID ou análogo- No suposto de que se produzan situacións de ensino mixto ou non presencial , usáramos ferramentas dixitais como aula virtual, whatsApp, correo,video conferencias e outras e daránse instrucións específicas, chegado o momento, encanto as avaliacións dos resultados de aprendizaxe.